

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

ORDE do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG núm. 67, do 9 de abril), dispón no seu artigo 1 que este ten por obxecto regular a formación mínima que deberán reunir os socorristas acuáticos para o seu exercicio profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e a obrigatoriedade da súa inscrición no rexistro.

O artigo 4 do decreto establece que para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia achegando a preceptiva declaración responsable e que dispoña da correspondente habilitación profesional.

Finalmente, no artigo 10 do decreto dispónse que a inscrición en cada unha das seccións do rexistro debe renovarse cunha periodicidade de catro anos e que, para a renovación da inscrición, tanto o persoal socorrista en instalacións acuáticas (piscinas e instalacións acuáticas) como o persoal socorrista en espazos acuáticos naturais (praias e augas interiores) da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá actualizar cada catro anos a formación adquirida conforme o preceptuado no decreto.

Por outro lado, na disposición derradeira primeira do decreto facúltase o conselleiro ou conselleira de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que dite cantas disposicións sexan precisas no ámbito das súas competencias para o seu desenvolvemento e execución.

Polo exposto e coa finalidade de concretar as previsións regulamentarias descritas, é preciso establecer un modelo de distintivo que expida o organismo competente por razón da materia e que os socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia leven de forma visible e permanente para a súa identificación e acreditación como tales.

En consecuencia e en virtude das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto regular o modelo de distintivo que identificará e acreditará os socorristas acuáticos para o seu exercicio profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O distintivo axustarase ao modelo que figura como anexo desta orde.

Artigo 2. *Concepto.*

1. O distintivo regulado por esta orde é o documento acreditativo de que o seu titular conta coa habilitación profesional para desenvolver a súa función, expedido pola Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública nos termos previstos no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG núm. 67, do 9 de abril).

2. Este distintivo é persoal e intransferible e só poderá ser utilizado polo seu titular mentres estea vixente a súa habilitación profesional como socorrista acuático.

Artigo 3. *Contido.*

O distintivo terá o contido mínimo seguinte:

- a) A mención «Socorrista acuático».
- b) O nome e apelidos do titular.
- c) O número da habilitación.
- d) A data límite de validez.
- e) Unha fotografía recente do titular.
- f) O tipo de actividade de socorrismo para a que está habilitado o titular.

Artigo 4. *Utilización.*

Os socorristas acuáticos deberán portar, de forma visible, o distintivo que acredita a súa habilitación, agás durante as operacións de rescate na auga.

Artigo 5. *Responsabilidade.*

A utilización indebida ou fraudulenta do distintivo regulado por esta orde dará lugar á existencia da responsabilidade que proceda.

Disposición adicional.

Facúltase a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública para realizar as xestións necesarias en desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2012.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

**Modelo e características do distintivo dos socorristas acuáticos
na Comunidade Autónoma de Galicia**

Anverso do distintivo



Reverso do distintivo (espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas)

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Este distintivo é persoal e intransferible e só poderá ser utilizado polo seu titular mentres estea vixente a súa habilitación como SOCORRISTA EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS

A utilización indebida do distintivo dará lugar á esixencia da responsabilidade que proceda.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Academia Galega de Seguridade Pública

Reverso do distintivo (espazos acuáticos naturais)

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Este distintivo é persoal e intransferible e só poderá ser utilizado polo seu titular mentres estea vixente a súa habilitación como SOCORRISTA EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS.

A utilización indebida do distintivo dará lugar á esixencia da responsabilidade que proceda.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Academia Galega de Seguridade Pública

Reverso do distintivo (instalacións acuáticas)